



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CAMBRE

Edicto dos padróns da taxa pola prestación de servizos no cemiterio municipal e da taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas e as reservas de vía pública para aparcamento, carga e descarga de mercadorías. Ano 2025

Por resolución do concelleiro delegado da área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico núm. 696/2025, de data 16 de xullo de 2025, acordouse:

Primeiro: Aprobar os padróns das taxas que a seguir se sinalan correspondentes ao exercicio 2025:

- Taxa pola prestación de servizos no cemiterio municipal, por un importe total de *once mil seiscentos sesenta e catro euros* (11.664,00 €), cun número de recibos de 519, desde Afonso Rodríguez Purificación a Zamarreño Villar Daniel.

- Taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas e as reservas de vía pública para aparcamento, carga e descarga de mercancías de calquera clase, por un importe total de *cincuenta e catro mil catrocentos trinta e sete euros e cincuenta céntimos* (54.437.50 €), cun número de recibos de 215, desde Abad Recarey Máximo a Villar Rivas Jesús.

Segundo: Expoñer ao público os datos incorporados aos padróns que se aproban, mediante edicto que se debe publicar no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación e da sede electrónica do concello. Esta exposición, por prazo de quince días desde a correspondente publicación, servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes, nos termos establecidos no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Durante dito prazo, o padrón aprobado estará a disposición do público nas oficinas da Tesourería municipal sitas na rúa Atrio s/n (Cambre).

Terceiro: Dar conta da presente resolución á Intervención municipal a través da plataforma TEDeC.

Contra as liquidacións incorporadas aos padróns todos os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante a alcaldía, segundo o disposto no artigo 14.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao remate da exposición ao público dos padróns. A interposición do recurso non suspende a eficacia das liquidacións correspondentes, agás que se solicite a suspensión e se presente garantía nos termos establecidos no apartado i) do precepto anteriormente mencionado. O recurso entenderase desestimado se non se resolve expresamente no prazo dun mes desde a súa interposición. Contra a desestimación do recurso poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo da Coruña, no prazo de dous meses desde a notificación da resolución expresa, ou de seis meses desde que se produza a desestimación presunta, tal como establece o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa. Tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que se estime conveniente.

Cambre, 17 de xullo de 2025

O concelleiro delegado

PD. (R.A. núm. 396/2025, do 30 de abril)

Rubén Vázquez Pérez

2025/4820